



Dun centro de FP a emprender coa incubadora HTA

A incubadora HTA é unha iniciativa froito da colaboración entre a Xunta de Galicia, o consorcio da Zona Franca de Vigo e a Fundación INCYDE, para o desenvolvemento de ideas empresarias no ámbito do sector da automoción, o sector auxiliar de compoñentes e os servizos avanzados para a industria da automoción. High Tech Auto é unha **incubadora** que apoia ideas de negocio relacionadas coa **automoción e a mobilidade**.

HTA axuda aos emprendedores a converter a súa idea nunha empresa mediante:

- **Talleres** específicos (financiación, innovación, internacionalización...) impartidos por profesionais do sector.
- Un programa de **networking** para contactar con distintas empresas e entidades relacionadas coa automoción e a mobilidade.
- Asignación de espazos de **coworking**.
- Acceso ao **laboratorio** de Fabricación e Servizos Dixitais e Tecnolóxicos de automoción que conta con distintas áreas especializadas: Área de Conectividade (Contorna 5 G), Área de Dixitalización e Automatización (Realidade Virtual / Realidade Aumentada), Área de Electrónica, Área TIC/Equipos Informáticos (Apps, Hard e Software) e Área de Prototipado Rápido (3D).

No **evento** do próximo **23 de maio** explicaranse todos os detalles dos programas que ten a incubadora, como poder presentar unha candidatura para participar en HTA e resolveranse todas as dúbidas que poidan ter os estudantes. No evento **contarase cun proxecto que xa participou no Programa de High Tech Auto** e nos falará da súa experiencia na incubadora.

O Programa do evento e o seguinte:

- 10:30 – 10:35 Benvinda Carlos Vázquez Mariño, Subdirector Xeral de Formación Profesional
- 10:35 – 10:55 Características 4ª Edición HTA, Heiko Unzalu, Coordinador HTA
- 10:55 – 11:00 Caso de éxito HTA, Iván Bastero, Van Cubic
- 11:00 – 11:05 Fany Suárez, Subdirectora de Oficina Galicia Empeñe, Igape
- 11:05 – 11:15 Preguntas audiencia
- 11:15 – 11:20 Peche Carlos Vázquez Mariño, Subdirector Xeral de Formación Profesional

Para asistir ao evento online **debe inscribirse a través do seguinte**

ligazón: https://us06web.zoom.us/webinar/register/WN_s-st2JAYR8Kb4-Px-W0BNQ

